



BANDO

FESTAS PATROAIS DE BURELA 2024

A ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE BURELA FAI SABER:

Estimadas veciñas e veciños,

Compráceme dirixirme a todas e todos vós nunha ocasión tan especial para anunciar o inicio das nosas esperadas Festas Patroais. Durante os próximos días, o noso municipio transmitirá alegría, cultura e tradición no que vos convido a participar activamente en compañía de familiares e amizades.

Estas festividades son unha oportunidade para celebrar e desfrutar, pero tamén para recordar a importancia da convivencia e o respecto mutuo. Por elo, quero recordar algunhas das boas prácticas adoptadas que se deben gardar e servizos dos que se disporán.

1. IDENTIFICACIÓN DOS ESPAZOS DA FESTA



2. PUNTO DE SEGURIDADE (CARAVANA MORADA)

Contarase cun **Punto de Seguridade (Caravana Morada)**, dedicada a ofrecer asistencia e apoio a calquer persoa que o precise, garantindo un ambiente seguro e acolledor durante as festas. Este servizo estará ubicado na Rúa Eijo Garay, operativo o fin de semana (1 e 2 de xuño) e o luns día 3 de xuño en horario de 23:00 – 07:00, cubrindo os seguintes servizos:

- Punto informativos sobre recursos contra a Violencia de Xénero





- Atención Psicolóxica
- Coordinación con forzas de seguridade
- Primeiros auxilios
- Punto de encontro seguro
- Carga de dispositivos móbiles á xuventude
- Hixiene íntima feminina
- Punto de seguridade delitos de odio

3. BOTELLÓN

Está prohibido o consumo de bebidas alcohólicas na vía pública, parques, prazas públicas e outros lugares de tránsito públicos. O incumplimento desta medida podría conlevar unha multa ou sanción.

4. VASOS DE CRISTAL

Está **prohibido o uso de vasos de cristal no campo da festa** co fin de garantir a seguridade dos asistentes e para facilitar o mantemento e manipulación nas labores de limpeza.

5. REFORZO DE CONTEDORES

A limpeza dos residuos xerados e responsabilidade de todos e cada un de nos, por elo, as nosas rúas contarán cun reforzo de contedores para manter limpas, na medida do posible, as zonas públicas e tratar de reducir a cantidade de residuos ciscados.

6. HORARIOS FOGOS DE ARTIFICIO E PIROTÉCNIA

- Venres 24 de maio ás 21:00 horas co comezo da misa.
- Venres 24 de maio ás 21:30 horas coa procesión que baixa da Igrexa de Vila do Medio ata a Igrexa parroquial.
- Sábado 25 de maio (Día do Pregón) ás 21:00 horas. Chupinazo.
- Venres 31 de maio (Venres das festas) ás 23:00 horas co comezo da verbena.
- Sábado 1 de xuño (Sábado das festas) ás 21:00 horas co comezo da misa.
- Sábado 1 de xuño (Sábado das festas) ás 22:00 horas fogos a final da misa e procesión seguida de fogos de artificio ata ás 24:00 horas.
- Domingo 2 de xuño (Domingo das festas) ás 12:00 horas co comezo da misa.
- Domingo 2 de xuño (Domingo das festas) ás 13:00 horas coa procesión marítima.
- Domingo 2 de xuño (Domingo das festas) ás 23:00 horas coa procesión marítima.
- Luns 3 de xuño ás 12:00 horas co comezo da misa.
- Luns 3 de xuño ás 13:00 horas coa procesión.
- Luns 3 de xuño ás 23:00 horas co comezo da verbenas.
- Luns 3 de xuño ás 05:00 horas co remate da verbena





7. AMPLIACIÓN HORARIA

De acordo co Anuncio do Decreto de Alcaldía n.º 2024/0390, ditado con data 06 de maio de 2024, publicado no Portal de Transparencia coa mesma data, punto 8 de Información e atención ao cidadán no seu punto 9 de Ampliación de Horarios de Espectáculos Públicos e Actividades recreativas (<https://burela.sedelectronica.es/transparency/a5435cc7-facb-47a7-98f8-059bbce4c3ce/>).

Convén recordar, entre outros puntos recollidos no propio anuncio,

- Que se **autoriza a ampliación en dúas horas (2 horas)** dos horarios xerais de finalización das actividades recreativas relativa ás «**festas ou verbenas**», establecidos no apartado II.5 do Anexo da Orde do 23 de outubro de 2020:
 - * A noite que vai do 31 de maio ao 1 de xuño de 2024 (Vernes das festas).
 - * A noite que vai do 1 ao 2 de xuño de 2024 (Sábado das festas).
 - * A noite que vai do 2 ao 3 de xuño de 2024 (Domingo das festas).
 - * A noite que vai do 3 ao 4 de xuño de 2024 (Luns das festas).
- **Informar ás persoas interesadas que esta autorización non implica, en ningún caso**, a autorización ás persoas titulares dos establecementos sitos no termo municipal do Concello de Burela nos que se desenvolve, ao amparo do preceptivo título habilitante, algunha das actividades recreativas e espectáculos públicos do Catálogo de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 124/2019, do 5 de setembro, para **realizar calquera outra actividade recreativa ou espectáculo público extraordinario, tanto no interior, como no exterior do establecemento ...**
- Que o outorgamento da presente autorización, **non pode dar lugar ao incumprimento dos límites de emisión e inmisión de ruídos establecidos na vixente normativa de protección fronte á contaminación acústica**, para as ditas actividades, e que o eventual incumprimento destes podería determinar, no seu caso e sen prexuízo doutras responsabilidades civís ou penais, a incoación dun expediente sancionador como consecuencia da comisión dalgunha das infraccións...

8. SUSPENSIÓN DE OBXECTIVOS DE CALIDADE ACÚSTICA.

En consonancia co Anuncio do Decreto de Alcaldía n.º 2024/0413, ditado con data 10 de maio de 2024, publicado no Portal de Transparencia con data 14 de maio, punto 8 de Información e atención ao cidadán no seu punto 5 de situación medioambiental (<https://burela.sedelectronica.es/transparency/dc9f3b85-6f8e-4885-9545-a0ffc3c88324/>).

Lembrar, entre outros puntos recollidos na propia publicación,

- **Autorizar a suspensión temporal dos obxectivos de calidade acústica** da área acústica delimitadas no Plano de Ordenación 01.02, do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Burela, na zona portuaria, con motivo da celebración do evento «Festas Patronais de Burela 2024» promovido pola entidade asociativa privada, Asociación Cultural Festas Patronais de Burela, con N.I.F. G-27.400.977, **os días 31 de maio 1, 2 e 3 do mes de xuño de 2024**, nos termos do condicionado establecido no dispositivo segundo da presente resolución e limitada ao seguinte ámbito ou localización do Concello de Burela e as súas zonas de influencia:

- Recinto do Porto

As zonas de influencia estenderanse a un radio de 50 metros medidos desde o perímetro exterior do ámbito ou localización referida.





- **Non poderá superarse** en ningún caso durante o período horario e os días en que estea vixente a suspensión temporal dos obxectivos de calidade acústica, **o límite máximo de 87 dB de índice de inmisión de ruído**, avaliado conforme aos métodos e procedementos establecidos no Anexo IV do Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, **a excepción da zona delimitada como campo da festa na que non se poderá superar** en ningún caso durante o período horario e os días en que estea vixente a suspensión temporal dos obxectivos de calidade acústica, **o límite máximo de 95 dB de índice de inmisión de ruído**.

9. HORARIO SEN MÚSICA NO RECINTO FEIRAL

Con motivo das festas patroais de Burela do ano 2024, a Asociación Cultural Festas Patroais de Burela e o Concello co fin de reducir o estrés auditivo e facilitar que nenos e adultos afectados por alteracións do espectro autista (TAE) e outras sensibilidades auditivas, establece que, durante os días (31 de maio e 1, 2 e 3) en horario de 18:00 a 19:00 horas o funcionamento das atraccións da feira será sen música. Facendo do recinto feiral durante este periodo mais inclusivo e accesible para todas as persoas.

BOAS FESTAS A TODAS AS VECIÑAS, VECIÑOS E VISITANTES E OS MEUS MELLORES DESEXOS!

MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO

ALCALDESA – PRESIDENTA do Concello de Burela

Burela, a 24 de maio de 2024

